

EMMANUEL PIERRAT

# A industria do sexo e do peixe empanado

Traducido por Marie Abraira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

## Redes baleiras (Onanismo)

Gaëlle e Gwenaëlle decidiron tornar ao porto sen esperar o luscofusco. Xacando, especies que de día permanecían agochadas baixo os rochedos, achegábanse a eito para roldar as lámpadas de acetileno que abaneaban os mariñeiros. E daquela, co arpón, os cándidos animais arrebatados ás frías augas guindábanse polas bodegas conxeladas.

Mais agora a pesca era inútil e as redes volvían de baleiro. Chegadas a porto sen cargamento, as xemelgas nin sequer se molestaron en ir saudar os tipos da poxa. Nada máis en baluto nin máis deprimente que barrenar nas eternas lamentacións: as augas despoboábanse, o Atlántico semellaba un océano desértico e os mariñeiros da vila ían acabar todos no dique seco, enviando o ruín *chouchen*<sup>1</sup> do hipermercado de Kemper<sup>2</sup>, sufrindo, amomiados até a eternidade, o *Far Academy* na TV Breizh<sup>3</sup>.

A ninguén en Tribidec se lle ocorrería pór en dubida o bo facer das xemelgas: coñecían polo miúdo o seu oficio, os peixes e mais os fondos mariños. As dúas irmás aturaran a fatiga do mar a fóra, a espera infinda polo milagroso cardume, a inmovilidade das ondas, a súa repentina axitación, o vento que dá en zafrear de súpeto. Poderían darlles

---

<sup>1</sup>Bebida alcohólica a base de mel, tradicional da Bretaña.

<sup>2</sup>Capital do departamento de Penn-ar-Bed, na rexión da Bretaña.

<sup>3</sup>Cadea de televisión privada que pertence ao Grupo TF1.

unha cumprida lección a todos os temoneiros de auga doce, amarga ou salgada. Porque Gaëlle e Gwenaëlle viran a luz na Bretaña; peor aínda, naceran en Penn-ar-Bed<sup>4</sup>, é dicir, eran oriúndas da Fisterra bretoa. Aos quince anos convertéranse en navegantes por obriga e en masturbadoras por defecto. O certo é que ambas as actividades gardaban gran relación.

Aos catorce anos Gaëlle fora sodomizada entre dous pendellos de pesca por un capitán de Lorient que folguexara ao que lla metía: «Liches *Querelle de Brest*<sup>5</sup>?». Dende esta descuberta algo violenta da sexualidade, a adolescente, aínda plana, xurara non volver pór na vida xersei mariñeiro nin pucha con pompón.

As secuelas da iniciación da súa irmá reveláranse determinantes noutro sentido. Gwenaëlle fora desvirgada polo tío Jacques durante a recollida dunhas nasas de lumbrigantes unha tarde de abril das súas quince primaveras. Sufría coas regras e de aí que soportase bastante mal o desfloramento. O tíño Jacquot –ao que tamén alcumaban na aldea Jacquot a Cherna, polo carnosos e encarnados que era— exaculara axiña e xa afrouxara o seu apreixo cando un lixeiro apuxón da súa vítima fixo que abalase na ponte. Foi a pique, arrastrado polos seus noventa quilos de graxa suorenta e pestífera, sen nin sequera intentar frear a caída con algún atrapallado movemento de natación. Ao longo de toda unha vida de alcol adulterado e ingrato traballo, Jacquot a Cherna só aprendera a nadar para tomar un baño. «O seu primeiro mergullo de importancia ofreceulle a ocasión dunha derradeira limpeza», cavilou Gwenaëlle mentres refregaba as manchadas cachas.

---

<sup>4</sup>Nome en bretón do departamento de Francia situado no extremo occidental da Bretaña, que significa ‘comezo do mundo’. No entanto, a denominación en francés, Finistère, coma a Fisterra galega, vén do latín *finis terræ*, ‘fin da terra’.

<sup>5</sup>Novela de Jean Genet publicada en 1947.

